

Á abordaxe!

[13/05/2005 18:23] por **Héitor Mera**

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

AS WEBS DE AQUÍ


Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas sobre literatura, editoriais e librarías

A escola dos piratas

Agustín Fernández Paz

Rodeira-Edebé, A Coruña, 2005. 159 páxs., 6,30 €

Por segunda vez na súa moi prolífica carreira creativa, Agustín Fernández Paz foi honrado cun dos premios literarios de literatura infanto-xuvenil máis importantes do estado. No ano 94 foi o seu xa clásico *Trece anos de Branca* que ademais do éxito crítico obtivo un éxito e seguimento dos lectores máis novos que sitúan esta noveliña como unha das máis lidas dos últimos dez anos. Neste ano, a quenda é para *A escola dos piratas*, texto pensado para uns lectores algo máis novos.



Lendo os acontecementos xurdidos na devandita escola, albiscamos de vez os ingredientes que emprega Fernández Paz na cocción deste libro: as técnicas rodarianas. Unha boa pregunta, unha apertura mental proclive ao desbordamento imaxinativo e un oficio na arte da escrita alicerzado nos moitos anos de dedicación e os moitos libros saídos, son o gran segredo que nos deixa este libríño..

Poderíamos introducir a narración d'*A escola dos piratas* cunha pregunta como: que pasaría se a escola onde estudas se vise arrastrada por un río cara ao mar? Como estrutura xeral a un conto que pode ter mil desviacións dependendo da persoa que se formule a tal pregunta, xa nos chega. Cando menos, serviu para que Fernández Paz gañase coa súa particular "desviación" todo un premio Edebé de literatura.

Os feitos reforzan a reivindicación que no libro se fai: deixar paso á desinhibición imaxinativa; darlle as costas ás pautas e normas encorsetadoras para facer da nosa vida unha existencia algo máis feliz. Con estes materiais que nos amosa Fernández Paz pódese conseguir, mais cada quen debe buscar tamén os seus, as "desviacións" aínda poderían ser máis ricas e frutíferas.

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)